

## ANEXO I: CURSOS A DISTANCIA “THAT’S ENGLISH”

### Descrición do programa

O departamento de inglés ofrece a modalidade a distancia a través do *That’s English*.

O alumnado seguirá o curso en liña ou por TVE e recibirá dous libros de texto e as claves da plataforma do programa *That’s English* con todos os contidos en formato dixital: audio, vídeo, libros en pdf, exercicios, dicionarios e outros recursos. No material do nivel A2 hai, ademais do anterior, un libro de vocabulario e gramática.

O alumnado poderá asistir a unha sesión presencial de titoría semanal de 90 minutos para a práctica da expresión oral e a resolución de dúbidas.

### 1. Niveis

As ensinanzas do programa organízanse en módulos segundo o seguinte esquema:

<i>That’s English!</i> Plan de Estudos 2020		
NIVEL	CURSO	MÓDULO
BÁSICO A2	1º Básico A2	Básico A2.1
		Básico A2.2
	2º Básico A2	Básico A2.3
		Básico A2.4
INTERMEDIO B1	Intermedio B1	Intermedio B1.1
		Intermedio B1.2
INTERMEDIO B2	1º Intermedio B2	Intermedio B2.1
		Intermedio B2.2
	2º Intermedio B2	Intermedio B2.3
		Intermedio B2.4
Avanzado C1	Avanzado C1	Avanzado C1.1
		Avanzado C1.2

Cada módulo corresponde a un cuadrimestre a final do cal haberá una proba que determinará se o módulo está superado.

### 2. Avaliación

Os exames para os módulos impares realizaranse a principios de xaneiro. Os dos módulos básico A2.2 e intermedio B2.2 serán a mediados de maio. Antes dos exames de maio, haberá recuperacións dos módulos impares. De igual xeito, haberá unha convocatoria extraordinaria no mes de xuño na que se realizarán exames correspondentes a todos os módulos.

Ao remate dos módulos A2.4, B1.2, B2.4 e C1.2 o alumnado deberá superar as probas terminais de certificación dos niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1 respectivamente. Estas probas son unificadas para todo o alumnado que curse ensinanzas de idiomas de réxime especial, independentemente da modalidade (presencial ou a distancia) cursada. Avaliaranse 5 actividades de lingua: lectura e comprensión, redacción, escoita e comprensión, mediación escrita e oral e produción e coprodución oral. Estas probas realizaranse nos meses de maio e xuño en convocatoria ordinaria, e no mes de xuño, en convocatoria extraordinaria, nas datas establecidas pola Consellería de Educación.

En decembro hai recuperacións dos módulos A2.2 e B2.2 para o alumnado repetidor co módulo pendente matriculado no curso seguinte, que debe superar este módulo nesta convocatoria para poder presentarse ao módulo superior.

O alumnado en posesión do título de Bacharel e que cursara inglés como primeira lingua estranxeira, poderá acceder directamente ao nivel intermedio B1. Tamén existe a posibilidade de realizar unha proba de clasificación, chamada proba VIA, a cal permitirá acceder a calquera dos seis cursos, dependendo do nivel amosado na citada proba. Terá lugar o 25 de setembro. A proba de clasificación ordinaria de lingua inglesa realizada nas EEOOII de Galicia terá a mesma consideración que a proba VIA.

O alumnado tamén poderá realizar a proba VIA en liña, tendo que vir a EOI só para facer a entrevista oral o longo do mes de outubro.

O alumnado matriculado no programa *That's English* poderá matricularse na modalidade presencial o curso seguinte se así o desexa e se houbera prazas dispoñibles.

### **3. Profesorado en Ourense e CATs (Centros de Apoio Titorial)**

<b>1º Básico A2</b> Profesor por nomear (O Barco)	<b>2º Básico A2</b> Profesor por nomear (O Barco)
--	--

Nieves Honrado	Alba Ramos
<p style="text-align: center;"><b>Intermedio B1</b></p> <p style="text-align: center;">Profesor por nomear (Verín)</p> <p style="text-align: center;">Profesor por nomear (O Barco)</p> <p style="text-align: center;">Camino Linares-Rivas</p> <p style="text-align: center;">Profesor por nomear (Viana do Bolo)</p>	
<p style="text-align: center;"><b>1º Intermedio B2</b></p> <p style="text-align: center;">Profesor por nomear (Verín)</p> <p style="text-align: center;">Profesor por nomear (O Barco)</p> <p style="text-align: center;">Camino Linares-Rivas</p>	<p style="text-align: center;"><b>2º Intermedio B2</b></p> <p style="text-align: center;">Profesor por nomear (Verín)</p> <p style="text-align: center;">Profesor por nomear (Viana do Bolo)</p> <p style="text-align: center;">Profesor por nomear (O Barco)</p> <p style="text-align: center;">Julia González</p>
<p style="text-align: center;"><b>Avanzado C1</b></p> <p style="text-align: center;">Profesor por nomear (Verín)</p> <p style="text-align: center;">Profesor por nomear (O Barco)</p> <p style="text-align: center;">Ana Mª Ramos</p> <p style="text-align: center;">Profesor por nomear (Viana do Bolo)</p>	